

Actividade sobre a Unión Soviética baixo Stalin.

Responde ás seguintes cuestións axudándote do libro (páxinas 80-81) e buscando en Internet (a Wikipedia para isto é moi fiable). Faino nun documento, poñendo só o número da pregunta e gardando ao rematar en PDF.

1. En que consistía o **culto á persoa de Stalin**? Analiza as seguintes imaxes, describíndoas e indicando que se quere transmitir con estes carteis.

Imaxe 1.




Imaxe 2.



Imaxe 3.




2. Outro dos métodos de control social foi a **censura e a manipulación** para manter a figura de Stalin e do réxime. Nesta imaxe aparecen dúas fotografías. Analiza que fixeron e imaxina que motivos podían ter (fíxate en quen é a figura principal e quen poden ser os sinalados).




3. Xunto coa propaganda e a censura, na URSS existiu unha política sistemática de **control e represión**. Busca que era a **Cheka** (ou checa), a **NKVD** e a **KGB**.
4. O réxime de Stalin é recordado polo **terror**, do que non se libraba nin os máis destacados revolucionarios. Busca en que consistiron os **Procesos de Moscú** e analiza os seguintes datos.

As vítimas da represión stalinista



5. Unha das institucións claves na represión era o **gulag**. **Que eran?** Axúdate destas imaxes para responder.



6. Un dos disidentes máis famosos foi **Aleksandr Solzhenitsyn**, cal é o seu libro máis famoso? Que denunciaba nel? Que premio recibiu?